

ELEONORA DUSE, A DIVINA

1767

Pietro Marcello, 2025

ESTREA EN NUMAX: 12.06.2026 | V.O.S.E. | +12 | 125 min

Na Italia de posguerra e tras anos afastada dos escenarios, a lendaria actriz Eleonora Duse (Valeria Bruni Tedeschi) sente o impulso irrefrenable de volver ao teatro, o único lugar onde algunha vez verdadeiramente libre. Mentres lida coa súa complexa relación coa súa filla (Noémie Merlant), o peso dos anos e a súa historia co poeta Gabriele D'Annunzio, Eleonora Duse converte o seu regreso nunha loita contra o tempo, o poder e a súa propia decadencia, nun acto valente e luminoso fronte a un mundo en transformación.

«Un retrato elegante dunha icona
irrepetible»

Tomasso Koch, EL PAÍS



Valeria Bruni Tedeschi, tan diva como a protagonista

Por Begoña Piña

O cineasta napolitano Pietro Marcello recorre de novo, como xa fixo na maxistral *Martin Eden*, a unha vida única, a da soada actriz Eleonora Duse, para retratar toda unha deriva política e social, a da Europa de entreguerras, cando o fascismo italiano se presentaba como a reacción ao descontento e á crise tras a guerra. Na mente deste cineasta libertario trátase de coñecer o pasado para non repetilo, de coñecer o pasado para poder traizoalo.

Centrada nos anos en que a ‘divina’ Duse regresou aos escenarios, moito despois dos tempos dos seus grandes éxitos, a película relata a relación da arte co poder, con figuras como a do poeta D’Annunzio (creador da estética do fascismo italiano) ou a de Mussolini; a necesidade da rebeldía e da reacción, tamén artísticas, a fortaleza do teatro... Todo iso cunha melodramática Valeria Bruni Tedeschi, tan diva, tan divina como a mesma protagonista.

Estreada en Venecia e presentada despois na SEMINCI eminci, a película é a contestación antiacadémica dun cineasta que non cre, como dixo varias veces, nas biografías no cinema, e que se achega ao espírito da lendaria actriz a través do coñecido só por algunhas fotografías, cartas e libros, e unhas escenas dunha película na que participou. Imaxes de arquivo conviven coa ficción en Eleonora Duse, a divina, na que Marcello, para contradicir e romper as regras do cinema máis tradicional, emprega a cámara en man como se estivese a rodar unha película documental.

Como o seu personaxe, como Martin Eden tamén, o cineasta traballa a contrafío buscando o debuxo máis preciso do impreciso, da ambigüidade do ser humano. Indagando na fortaleza dunha actriz que destacou cando as mulleres estaban relegadas tamén no teatro e profundando, ao mesmo tempo, na fragilidade humana do personaxe.

Publicado en 20minutos.es